



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|---------------------------|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Necesidades específicas de apoio educativo e adaptacións curriculares | | Código | 652511211 |
| Titulación | Mestrado Universitario en Psicopedagogía | | | |
| Descriptor | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Optativa | 4.5 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Pedagogía e Didáctica | | | |
| Coordinación | Núñez Mayan, María Teresa | Correo electrónico | teresa.nunez.mayan@udc.es | |
| Profesorado | Castro Rodríguez, Mª Montserrat | Correo electrónico | maria.castror@udc.es | |
| | Núñez Mayan, María Teresa | | teresa.nunez.mayan@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>Esta materia pretende axudar a entender as particularidades e a maneira de enfrentarse á aprendizaxe das persoas con necesidades específicas e analizar as implicacións derivadas das distintas formas de diversidade para unha escola inclusiva.</p> <p>Trátase de chegar a ser quen de desen?ar propostas de intervencio?n psicopedagógicas orientadas a mellorar a participacio?n, a aprendizaxee e o éxito de todo o alumnado sen discriminación por capacidades ou rendimento.</p> | | | |
| Plan de continxencia | <p>1. Modificacións nos contidos Non hai</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Todas</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican O seminario pasa a ser virtual, apoiado no uso de Teams</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico: responderáse en horario de titorías Moodle da materia: subiranse semanalmente os materiais precisos para o desenvolvemento da materia. Teams: Desenvolverase unha sesión semanal dentro do horario reservado para a materia</p> <p>4. Modificacións na avaliación *Observacións de avaliación: A porcentaxe da avaliación outorgada á participación no seminario, pode outorgárselle á proba de ensaio, en función de tempo no que se poida impartir a docencia presencial</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Mantense a proposta na Guía xeral</p> | | | |



| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A4 | Capacidade para coordinar, facilitar e impulsar a utilización de medios e recursos didácticos e multimedia favorecedores de atención á diversidade |
| A5 | Planificar a intervención educativa en diferentes contextos, identificando e interpretando as dificultades e trastornos que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. |
| A7 | Potenciar a xustiza curricular mediante o uso de estratexias didácticas respectuosas coa diversidade social, cultural e ambiental, analizando criticamente a experiencia histórica de exclusión educativa, e elaborando as adaptacións do currículo que garantan unha perspectiva inclusiva da educación |
| A8 | Deseñar, implementar e avaliar prácticas educativas, programas e servizos que dean resposta ás necesidades das persoas, organizacións e colectivos específicos, promovendo a presenza, participación e éxito de todo o alumnado en contornos educativos e sociolaborais. |
| A9 | Desenvolver estratexias, técnicas e recursos para a prevención, detección e avaliación de necesidades específicas de atención educativa |
| B2 | Aprender a aprender |
| B3 | Capacidade de resolución de problemas |
| B4 | Capacidade de aplicar coñecementos na práctica psicopedagóxica |
| B10 | Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-------------------------------------|------|-----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Capacidade para coordinar, facilitar e impulsar a utilización de medios e recursos didácticos e multimedia favorecedores de atención á diversidade | AP4 | | |
| A5 Planificar a intervención educativa en diferentes contextos, identificando e interpretando as dificultades e trastornos que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. | AP5 | | |
| Potenciar a xustiza curricular mediante o uso de estratexias didácticas respectuosas coa diversidade social, cultural e ambiental, analizando criticamente a experiencia histórica de exclusión educativa, e elaborando as adaptacións do currículo que garantan unha perspectiva inclusiva da educación | AP7 | | |
| Deseñar, implementar e avaliar prácticas educativas, programas e servizos que dean resposta ás necesidades das persoas, organizacións e colectivos específicos, promovendo a presenza, participación e éxito de todo o alumnado en contornos educativos e sociolaborais. | AP8 | | |
| Desenvolver estratexias, técnicas e recursos para a prevención, detección e avaliación de necesidades específicas de atención educativa | AP9 | | |
| B4 Capacidade de aplicar coñecementos na práctica psicopedagóxica | | BM4 | |
| Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común | | | CM4 |
| Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse | | | CM6 |
| Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. | | BM10 | |
| Aprender a aprender | | BM2 | |
| Capacidade de resolución de problemas | | BM3 | |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |
| | |



| | |
|---|--|
| Psicopedagogía e Diversidade | A intervención Psicopedagóxica para unha escola que reconece a diversidade Modelo experto e modelo colaborativo na intervención Psicopedagóxica. Estructura da Orientación Psicopedagóxica: Equipos Específicos e Departamentos de Orientación. Composición. Organización. Funcións. |
| Necesidades Específicas de Apoio Educativo asociadas á discapacidade intelectual, física e psíquica na práctica psicopedagóxica. Análise a partir da realidade do noso entorno educativo. | Detección, avaliación e deseño da intervención psicopedagóxica nun contexto inclusivo |
| Necesidades Específicas de Apoio educativo asociadas a factores sociais, ambientais y culturais na práctica psicopedagóxica. Análise a partir da realidade do noso entorno educativo. | Detección, avaliación e deseño da intervención psicopedagóxica nun contexto inclusivo |
| Apoio Educativo para unha escola inclusiva | Modelos de Apoio Organización da Intervención Psicopedagóxica |
| Adaptacións do Curriculum para a resposta á diversidade. | As adaptacións: Do individual ao institucional A adaptación curricular como unha práctica colaborativa Medidas ordinarias Medidas extarordinarias Deseño, avaliación e seguimento |

| Planificación | | | | |
|------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | B2 C4 C6 | 2 | 0 | 2 |
| Presentación oral | A4 A7 A9 | 4 | 0 | 4 |
| Discusión dirixida | B3 B4 C4 C6 | 6 | 6 | 12 |
| Estudo de casos | A5 A8 B10 | 4 | 5 | 9 |
| Portafolios do alumno | B2 B3 B4 B10 C6 | 0 | 30 | 30 |
| Seminario | A7 A8 B2 B3 B4 | 13.5 | 10 | 23.5 |
| Lecturas | A7 A8 A9 B2 | 0 | 30 | 30 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-----------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Terán por obxecto indagar sobre os coñecementos previos e a motivación do alumnado sobre a temática de cada unidade ou bloque temático |
| Presentación oral | Dos conceptos chave de cada bloque temático e unidade . Da estrutura e organización dos contidos esenciais. Dos casos, informes e textos sobre os que se desenvolverá o traballo grupal e individual. |
| Discusión dirixida | Tomando como base as lecturas indicadas no seminario, os casos prácticos estudados ou as indagacións que o alumnado realiza sobre as temáticas previamente fixadas, levarase a cabo unha discusión dirixida que ten como fin construír unha aprendizaxe significativa na que o alumnado revise, cuestione e contraste e faga seu o coñecemento. |
| Estudo de casos | Os estudo de casos de alumnado que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo, servirá como elemento para relacionar o coñecemento teórico e práctico sobre a problemática da inclusión educativa. Permite analizar aspectos de avaliación diagnóstica e detección, tratamento individualizado e adaptacións do curriculum tanto desde unha perspectiva individual como institucional. |
| Portafolios do alumno | Nel recolleráanse as actividades teórico-prácticas levadas a cabo nas sesións presenciais, debidamente enriquecidas e complementadas coas lecturas persoais, así coma os estudos de caso ou calquera outra actividade levada a cabo ao longo do seminario. |



| | |
|-----------|--|
| Seminario | Será o núcleo principal da actividade presencial. Nas sesións presenciais potenciarase a discusión argumentada de cada tema así como a elaboración dos esquemas básicos que logo o alumnado desenvolverá máis amplamente en base ao estudo ou actividade individual e reflectirá no portafolio. |
| Lecturas | As lecturas máis esenciais serán facilitadas con antelación á realización de cada sesión. O alumnado orientado pola bibliografía facilitada na materia, complementará estas lecturas coas da súa elección, utilizando bases de datos de calidade contrastada. A lectura é indispensable para propiciar unha discusión informada. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--|---|
| Estudo de casos Portafolios do alumno | Tanto nas sesións de docencia presencial como nas horas destinadas á titoría prestarase ao alumnado a atención personalizada que precise. A diferenza das titulacións iniciais, previas ao mestrado, pode dar lugar a que certos alumnos/as requiran unha atención curricular e orientación específicas en determinados temas da materia. O alumnado con recoñecemento oficial de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, deberá acudir a titorías para fixar as sesións interactivas e expositivas nas que poderá estar presente co fin de determinar os traballos substitutorios, se fose o caso. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|-----------------------|---------------------------|---|---------------|
| Seminario | A7 A8 B2 B3 B4 | Tomaranse en conta na avaliación a. A participación activa e informada na discusión dirixida. A aportación de materiais e análise riguroso dos mesmos. b. A análise, interpretación e elaboración de propostas de acción pedagóxica na súa abordaxe | 40 |
| Portafolios do alumno | B2 B3 B4 B10 C6 | A avaliación contemplará o traballo do portafolio que se realiza na actividade presencial e non presencial: - O desenvolvemento do traballo interactivo no seminario: participación activa e informada, búsqueda e aportación de información, reflexión e creatividade. - Análise e reelaboración da información aportada. Calidade da aportación | 60 |

Observacións avaliación

O alumnado con recoñecemento oficial de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, deberá acudir a titorías para fixar as sesións interactivas e expositivas nas que poderá estar presente co fin de determinar os traballos substitutorios, se fose o caso. Nesta titoría será informado do procedemento de avaliación que será o que resulte máis acaído en función da súa presenza/ausencia nas sesións interactivas.

Recoméndase
enviar os traballos telematicamente e, de non ser posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

Débese facer
un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter
en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.



Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <p>- (). . - (). .</p> <p>BIBLIOGRAFÍA BÁSICA AINSCOW, M.J.; BERESFORD; HARRIS, A.; HOPKINS, D.; WEST. M. (2001): Crear condiciones para la mejora del trabajo en el aula. Nancea. BARTON, L. (1998): discapacidad y sociedad. Morata. BARTON, L. (2008): Superar las barreras de la discapacidad. Morata. BRENNAN, W.K. (1.988): El currículo para niños con necesidades especiales. Siglo XXI. CARRIÓN, J.J. (2001): Integración escolar, ¿plataforma para la escuela inclusiva? Siglo XXI. ECHEITA (2006): Educación para la inclusión o educación sin exclusiones. Nancea. GARCÍA PASTOR, C (1998): Una escuela común para niños diferentes. EUB. STAINBACK, S. y W. (1999): Aulas inclusivas. Nancea. VLACHOU, A (1999): Caminos hacia una educación inclusiva. La Muralla. - Ser capaz de reconocer la diversidad como característica esencial del contexto educativo. Enmarcar las NEAE en la perspectiva de una escuela heterogénea. - Ser capaz de detectar y evaluar las NEAE y diseñar líneas de intervención educativa para dar respuesta a las mismas. - Desarrollar el conocimiento y las destrezas necesarias para asesorar al profesorado respecto a la adaptación del curriculum en todos sus niveles de concreción.</p> |
| Bibliografía complementaria | <p>BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA AINSCOW, M. (1995). Necesidades especiales en el aula. Narcea. Madrid. GIL (2003): Fracaso escolar. Perspectiva internacional. Madrid. Alianza. BRENNAN, W.K. (1.988). El currículo para niños con necesidades especiales. Siglo XXI. BOOTH, T. & AINSCOW, M. (2006). Index para la inclusión. Desarrollo del juego, la participación y el aprendizaje en la educación infantil. Salamanca. INICO.</p> |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías